


CURSO ONLINE



O Departamento de Educación e Acción Cultural do Museo do Pobo Galego organiza para o vindeiro **mércores 30 de setembro** un curso online gratuíto para implemtar e poñer en práctica a guía: ***Activando a memoria desde o Museo do Pobo Galego. O folclore como recurso na estimulación cognitiva*** que elaboramos xunto coa asociación **AGADEA** no ano 2016.

Neste curso online explicaremos a organización e funcionamento desta guía a través de diferentes exemplos e exercicios prácticos. Neles usaremos recursos do folclore (como o baile, a música, a oralidade ou as celebracións tradicionais) para estimular diferentes áreas cerebrais.

O curso, que estará impartido por **Bea Rey** (terapeuta) e **Carme Campo** (educadora do Museo do Pobo Galego), está pensado para persoas coidadoras, ou que traballan no ámbito terapéutico ou da educación patrimonial. Tamén para persoas en envellecemento activo.

Para asistir ao curso en liña será preciso inscribirse no correo electrónico: servizosdeac@museodopobo.gal

Curso en liña gratuíto

Data: 30 de setembro de 19h00 a 20h00

Duración: 60 minutos

Inscripción previa (ata o 29 de setembro) e **máis información** en servizosdeac@museodopobo.gal

Destinado a persoas do ámbito dos coidados, terapéutico ou da educación patrimonial. Tamén para persoas en envellecemento activo.

Imparten **Beatriz Rey** (terapeuta) e **Carme Campo** (educadora do Museo do Pobo), coautoras da guía.

Esta guía é o resultado dun proxecto de colaboración entre o Museo do Pobo Galego e AGADEA que concluíu en 2016 coa publicación deste manual de recursos. Algúns dos seus obxectivos son:

- Posibilitar que as persoas maiores sexan estimuladas cognitivamente desde as súas costumes e vivencias
 - Utilizar o folclore galego e o patrimonio inmaterial como ferramentas de traballo para os programas de envellecemento activo.
 - Ofrecer materiais baseados no folclore galego e no patrimonio inmaterial para integralos nos programas de estimulación en persoas con deterioro cognitivo.
-

Para ir familiarizándovos co material podedes descargar a guía
aquí: <https://bit.ly/2RPPvk1>



Museo do Pobo Galego

